

NÚMERO 1/16

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares, D. Miguel Tenreiro Bouza e D. Marcos Villar López, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación de actas de sesións anteriores.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 18/2015, de 26 de novembro, logo de que o sr. Anido dixera que desexaría que constara no debate da moción nº 5.2 que o sr. Alcalde dixo “veremos onde está vostede dentro duns meses, foi o que dixen”, porque esa pregunta a fará el dentro duns meses, sendo informado polo Secretario de que non procede reflectir nas actas, documentos xurídicos, intervencións verba por verba.-

2º.- Conta Xeral do Presuposto do exercicio 2014.-

Dáse conta á Corporación do ditame no que a Comisión especial de Contas e Facenda propón a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a única alegación presentada en relación co expediente de aprobación da Conta Xeral mediante escrito de 4-1-2016 co número 4 de Rexistro de Entrada, por ser a mesma extemporánea.-

2º.- Aprobar a Conta Xeral do presuposto do Concello correspondente ao exercicio 2014.-

3º.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo”.-

Aberto o debate o sr. López Mallo di que ao seu grupo lle gustaría que en próximos exercicios a Conta se presente dentro do prazo legal, que esta é posiblemente a mellor conta xeral da historia deste concello, cun resultado positivo de 643.000 euros en números redondos e un remanente líquido de Tesourería que en verbas do informe de Intervención permite manter unha marxe elevada de solvencia ante calquera continxencia negativa; menciona o sr. López outras magnitudes, como o aforro neto, que reflicte unha débeda irrisoria, a estabilidade presupostaria e a redución do período medio de pago a provedores, dicindo que estes datos son especialmente destacables ao producirse nunha situación de prórroga presupuestaria, do que conclúe que a xestión económica durante ese tempo foi eficaz e responsable, cun esforzo importante na redución da débeda municipal; é importante facer o antes posible unha depuración dos dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores, como sinala o informe de Intervención.-

O sr. Alcalde di que no resultado orzamentario a principal influencia tena a prórroga orzamentaria, que impediu que o concello tivera investimentos durante 2014 o que foi a engrosar ese remanente de tesourería pero privou aos cidadáns dos investimentos necesarios para o seu maior benestar. Ese resultado en principio bo pon de manifesto eivas da xestión política dese goberno, incapaz de elaborar e traer a Pleno o orzamento no ano 2014; tamén engrosaron ese resultado unha serie de compromisos adquiridos con outras administracións que presentaron a liquidación no ano 2015 como é o Consorcio galego de Igualdade e Benestar, o feito de non cubrir as prazas de persoal vacantes, o notable aumento dos ingresos do IBI, imposto polo goberno do Estado, o incremento da recadación por multas de tráfico, do que fala o informe de Intervención. Todo isto sumado ao remanente de tesourería de 623.000 euros que o goberno municipal anterior herdou, deu lugar a ese resultado que aquí se examina, polo que mais que xestión económica boa houbo desidia da xestión económica que non fixo políticas para investir nos sadenses, por isto o seu voto non pode ser favorable á aprobación da Conta Xeral, aínda que non se estea valorando a xestión, e vance abster por responsabilidade, por aprobar a Conta e enviala ao Ministerio.-

O sr. Suárez considera que a Conta Xeral pon de releve a inacción do goberno do PP, a ausencia de iniciativa na inversión nos veciños de Sada e unha interpretación errónea do que debe ser a xestión

económica e orzamentaria dun concello; a situación dos veciños de Sada neste último ano empeorou precisamente porque o goberno anterior non trouxo uns orzamentos a este Pleno.-

A sra. Bolaño di que, como explicou o alcalde, a Conta Xeral é un documento técnico que hai que aprobar e remitir ao ministerio competente, aínda que o PP quere analizala dende o punto de vista político para defender a xestión do anterior goberno, e así dixo o sr. López que é a mellor conta que lembra, o que significa que as que el presentou cando era concelleiro de Facenda serían menos boas; o PP falou de magnitudes económicas para arrimar as ascuas á súa sardiña, pero ela non quere un goberno austericida que reduza gastos, senón un goberno sostible tamén socialmente, aforrar eliminando políticas sociais e educativas non beneficia á cidadanía. Reduciuse o período de pago a provedores entre outras razóns porque, aínda que o goberno estaba en minoría a oposición non puxo traba algunha para que os provedores cobraran. O maior culpable de ter un orzamento prorrogado é quen non o sabe sacar adiante por non falar. O seu grupo vaise abster por responsabilidade.-

O sr. López Mallo sorpréndese dos comentarios feitos para xustificar a abstención ante unha Conta Xeral de resultados magníficos. Oíndo falar ao sr. Alcalde parece que Sada non tivo investimentos en catro anos, pero as obras están aí, como as de Sada y sus Contornos ou mellora nos camiños; se houbo aumento en multas será porque se cobraban, habería que comparalo co que se cobraba anteriormente; lembra que o goberno municipal anterior ao do seu grupo estivo tres anos con presupostos prorrogados, esta cuestión haberá que comentala no último punto da orde do día para aclarar algunhas das cousas ditas sobre que non se levou o presuposto a Pleno para aprobación. Calquera sabe que non se pode gastar mais do que se ten, o concello, como calquera Administración pública, non está para xerar beneficios, ten que cumprir una función pública pero de forma responsable, de austericida a responsable hai un término medio e a responsabilidade do anterior equipo de goberno con respecto ás contas está fora de dúbida.-

O sr. Alcalde di que efectivamente hai que ser responsable, non se pode ingresar esa cantidade de cartos coa xente pasando problemas económicos e sociais, mentres se xenera remanente de tesourería; hai que ter a valentía de traer o orzamento ao Pleno e que sexa a oposición a que teña que dicir no Pleno que non quere aprobar eses orzamentos, pensa que foi unha irresponsabilidade non traelo e despois vir case dous anos despois a presumir deses resultados orzamentario cando se produxo un aumento dos impostos e unha redución do gasto social, é fácil dar contas cando non se cobren as necesidades.-

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado o ditame da Comisión por maioría, con set votos a favor e dez abstencións.-

3º.- Solicitude de compatibilidade do traballador municipal D. Juan Manuel Riveiro Dans para o exercicio de actividades privadas.-

Visto o expediente incoado a instancia de D. Juan Manuel Riveiro Dans, empregado municipal contratado en réxime laboral fixo para o posto de conserxe, en solicitude de autorización de compatibilidade do seu posto co exercicio da actividade privada de prestación de servizos agropecuarios en Sada e Bergondo, de xeito intermitente. Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral e de conformidade co ditame favorable da Comisión Xeral, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

Autorizar a compatibilidade solicitada por D. Juan Manuel Riveiro Dans do posto de de conserxe co exercicio da actividade privada de prestación de servizos agropecuarios en Sada e Bergondo, de xeito intermitente, baixo as seguintes condicións:

1. A actividade privada exercerase fóra da xornada laboral e horario de traballo que o interesado teña establecidos no Concello.-
2. A actividade que se compatibiliza non poderá supoñer impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes do empregado municipal nin comprometer a súa imparcialidade e independencia ao servizo do Concello e no seu exercicio estará suxeito ás prohibicións establecidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e en particular, ás comprendidas nos artigos 11 a 15 de dita Lei.-

4º.- Solicitudes de recoñecemento de compatibilidade de cargos municipais en réxime de dedicación parcial.-

Dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Xeral relativo ás solicitudes presentadas polas concelleiras e concelleiro delegados D^a. Zeltia García Ben, D^a. Isabel Reimúndez Suárez, D^a. Raquel Bolaño Fariña e D. Miguel Tenreiro Bouza, para obter do Pleno da Corporación o recoñecemento da compatibilidade das actividades privadas e segundo posto no sector público que en ditas solicitudes se detalla co exercicio dos seus cargos municipais en réxime de dedicación parcial.-

O sr. Anido di que se trae este asunto a consecuencia da moción que o seu grupo presentou na sesión anterior sobre publicación na web das declaracións de actividades de cargos electos e tamén ten relación coas reiteradas acusacións que se fixeron en 2013 contra el por incompatibilidade ao figurar supostamente como administrador dunha sociedade e co intento de retirada do soldo do Alcalde. Preguntase por que a eles se lles atacaba e en cambio agora os concelleiros do goberno levan oito meses exercendo o seu labor e piden a compatibilidade oito meses despois. Non saben moi ben que é o que quere dicir o informe que consta no expediente, considera que debe aclararse se se está pedindo a compatibilidade en prazo, se houbo incompatibilidade destes concelleiros neses oito meses e se é así, se deben devolver o diñeiro percibido, por isto o seu grupo vaise abster.-

O sr. Suárez Becerra afirma que o que non di o sr. Anido é que se trouxo a este Pleno unha documentación na que se demostraba que este era copropietario dunha sociedade mercantil, o que se lle tiña preguntado repetidamente e que el negou. Engade que o BNG en ningún momento trouxo a ningún Pleno nada relativo ao salario do Alcalde, porque un representante público ten que ter un salario adecuado coas tarefas asignadas ao seu cargo, están as actas aí para demostrar que esa votación non se chegou a producir nunca precisamente porque entre outros o BNG deixou clara a súa posición nese sentido. Cre que o informe do Secretario é suficientemente claro e contundente.-

A sra. Bolaño di que a veces hai atrasos na administración, non hai ningunha cuestión oscurantista en non traelo, de feito ela pensou que cando presentaron toda a súa documentación xa asinaran o documento de compatibilidade, advertiu o Secretario que faltaba ese requisito e o trouxeron.-

O sr. Anido cre que hai distintas varas de medir, a el trouxérono a un Pleno para botarlle en cara que tiña que devolver os cartos e o BNG foi cómplice desa estratexia política porque se abstivo, por qué os membros do seu grupo tiveron que pedir previamente a compatibilidade e agora os concelleiros do goberno están cobrando desde o primeiro momento sen pedir a compatibilidade; o seu grupo vaise abster.-

O sr. Alcalde pide ao sr. Anido que se ve algún índice de pouca transparencia nas declaracións de compatibilidade dos concelleiros con dedicación parcial o diga, e diga o que non cumpre a legalidade.-

Efectuada a votación, apróbase por maioría, con dez votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Recoñecer aos concelleiros e concelleiras que a continuación se relaciona a compatibilidade do exercicio dos seus cargos de concelleiros delegados en réxime de dedicación parcial, coas actividades públicas e privadas que se indica:

A Dª. Zeltia García Ben, concelleira delegada do servizo de Deportes, co exercicio das actividades privadas de traballo como contratada fixa do Clube Ximnasia Tempo, en horario de 17:00 h. a 21:00 h. luns, martes, mércores e venres, e de de 10:00 h. a 14:00 h. os sábados.-

A Dª. Isabel Reimúndez Suárez, concelleira delegada do servizo de Servizos Sociais e Igualdade, co exercicio das actividades privadas de traballo como contratada fixa de OYSHO España S.A., cun horario de 24 horas semanais repartidas en tres días.-

A D. Miguel Tenreiro Bouza, concelleiro delegado de Admon. Local, Obras e Servizos, co exercicio das actividades públicas do seu posto de funcionario de carreira da Xunta de Galicia, en horario de 7:45 h. a 15:15 h. luns, mércores e venres.-

A Dª. Raquel Bolaño Fariña, concelleira delegada de Educación, Xuventude e Saúde, co exercicio das actividades privadas de traballo como contratada fixa de SIGNO EDITORES JM, S.L., en horario de 9:45 h. A 14:45 h.-

2º.- Os anteriores recoñecementos de compatibilidade quedan condicionados a que as respectivas actividades se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes aos respectivos cargos de concelleiro delegado, e non supoñan en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes do concelleiro.-

5º.- Proposta do grupo municipal do PP sobre retransmisión en directo, gravación e almacenamento das sesións plenarias.-

O sr. Alcalde anuncia que neste punto hai unha emenda do goberno municipal.-

O sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión Xeral favorable á proposta do grupo PP sobre a retransmisión en directo, gravación e almacenamento das sesións plenarias.-

O sr. Alcalde expón que o goberno municipal manifesta a súa conformidade con dita proposta por coincidir esencialmente co proxecto de gravación e difusión das sesións plenarias a través da web municipal que se está poñendo en marcha, sempre e cando se introduza en dita proposta a emenda que presenta, cuxos motivos son, por unha parte, establecer un sistema que permita dar ás gravacións

carácter de documento público municipal, controlado polo Concello, e por outra suprimir o apartado 5º da proposta que non ten ningún sentido como parte de un acordo xa adoptado e que ademais é innecesario, porque xa hoxe se pode gravar libremente tanto en audio como en vídeo as sesións plenarias, sempre que non imponha a Alcaldía restricións concretas por motivos legais. A continuación dá lectura á proposta de acordo emendada.-

Sométese a votación a emenda, conforme ao artigo 52 do ROM, quedando aprobado por maioría, con dez votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Alcalde-Presidente a autorizar a gravación íntegra dos Plenos da Corporación en formato vídeo, así como a desenvolver os mecanismos necesarios para retransmitilos en directo a través da web municipal e para obter de ditas gravacións os correspondentes documentos públicos con validez legal mediante sistemas de certificación electrónica e sinatura dixital de videoactas.-

2º.- Que no espazo máis curto de tempo posible, se dean os pasos necesarios para retransmitir en directo desde a páxina web oficial deste Concello o desenvolvemento dos Plenos municipais.-

3º.- Que as gravacións se expoñan sen cortes na páxina web municipal, de modo que se vexa e escoite a toda a Corporación Municipal e todas as intervencións de cada un dos representantes públicos de forma completa.-

4º.- Que durante o período necesario para levar a cabo esta iniciativa, as gravacións dos Plenos que se veñen realizando en formato audio sexan postas sen cortes ao dispor de todos os veciños na páxina web do Concello.-

O sr. Anido di que o seu grupo non quere que haxa cortes, para que os cidadáns vexan os comportamentos de cada quen.-

6º.- Modificación nº 1/2016 da Relación de Postos de Traballo para revisión do posto de arquitecto e creación de postos de segunda actividade da Policía Local.-

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Xeral en relación co expediente de modificación nº 1/2016 da Relación de Postos de Traballo para revisión do posto de arquitecto e creación de postos de segunda actividade da Policía Local.-

O sr. Alcalde expón a proposta de modificación da RPT dirixida a cambiar o réxime de compatibilidade do posto de arquitecto municipal para mellor desenvolvemento do planeamento municipal, así como a crear dous postos de 2º actividade da Policía Local, para garantirlle tódolos seus dereitos aos traballadores municipais en cumprimento da lexislación vixente. O sr. Suárez menciona que aquí houbo un acordo cos representantes sindicais dos traballadores nese sentido e que nos dous casos considera totalmente necesaria esta modificación. En igual sentido se manifesta a sra. Bolaño.-

O sr. Anido di que coa creación de dous postos de 2ª actividade, estes serán ocupados por dous policías e os dous postos que queden vacantes haberá que cubrilos con outras dúas persoas, é dicir, vai haber outros dous novos soldos, quere explicar isto porque pensa que este tipo de imperativos legais son polo menos peculiares. Con respecto ao posto de arquitecto, un dos motivos da proposta é a tramitación do Plan Xeneral de ordenación, pero que el saiba o plan está máis que tramitado. Se se modifica a RPT para esas dúas persoas, porque non para todos os funcionarios do Concello porque hai moita xente que non está ocupando o posto que consta na RPT. Ve correcto que se cubra a praza de arquitecto, o goberno municipal está encargando traballos sempre ao mesmo arquitecto, e a el se lle levou á Fiscalía por ese motivo. O seu voto neste punto será a abstención.-

O sr. Montouto en relación co dito polo sr. Anido de que se está contratando ao mesmo arquitecto, di que o feito de que non haxa arquitecto municipal é responsabilidade do sr. Anido que non cubriu esa praza, e por isto agora tense que informar un Plan Xeral a través do arquitecto da Deputación provincial e os proxectos que hai que redactar ou que debería informar un arquitecto superior, se sacaron a licitación, se presentaron ofertas e gañou o que ofreceu o menor prezo, non sempre se adjudicou ao mesmo, isto pódese ver en contratación, non teñen ningunha vinculación persoal nin profesional con ningún.-

A sra. Bolaño di que unha das queixas da oposición cando o goberno municipal anterior traía os orzamentos e que había prazas dotadas a cero, unha a do arquitecto pero tamén había outras, co cal a intención do goberno nunca foi cubrir esas prazas, e non cubrindo prazas o remanente de tesourería é marabilloso. Por outra parte, isto que se está recoñecendo é un dereito dos traballadores legalmente recoñecido, e non se pode aforrar a costa dos dereitos dos traballadores.-

O sr. Anido di que non cuestiona nada, pero hai que dicir que van facer falta 60.000 euros mais na policía pola 2ª actividade, dicindo varios dos asistentes, entre eles o sr. Alcalde que evidentemente non é gratis; o sr. Anido di que a modificación do posto de arquitecto tamén ten un custe; cando era alcalde

tamén se fixo a contratación de arquitecto cumprindo a legalidade, e pon exemplos de actuacións nas que o custo do arquitecto que el contratou foi menor que o do arquitecto contratado polo actual alcalde.-

O sr. Alcalde di que isto ten un custe, este goberno aposta por reforzar á Policía local porque foi un compromiso que adquiriu ante as peticións das parroquias e non o van aforrar para logo presumir de Conta Xeral; a Lei dálles dereito de pasar a segunda actividade aos policías que alcanzaron unha idade e o solicitaron, e a nosa obriga é cumprilo; a solicitude xa lla fixeron ao sr. Anido, e este fixo caso omiso por querer aforrarse eses fondos e incluílos na Conta Xeral.-

Efectuada a votación, apróbase por maioría, con dez votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a primeira modificación do ano 2016 da Relación de postos de traballo do Concello, segundo o texto que figura no expediente, que obedece á necesidade de creación de postos de traballo de segunda actividade do Corpo de Policía Local, así como á necesidade de modificar o posto de arquitecto cara á súa inmediata cobertura.-

2º.- Someter o expediente a información pública por prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións. A modificación da Relación de postos de traballo considerase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario a modificación haberá de ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións e alegacións presentadas.-

3º.- Unha vez aprobada definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo, publicarase integramente a mesma no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia dela aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.-

7º.- Exame e aprobación, se procede, do proxecto de Orzamento municipal para 2016.-

Dáse conta ao Pleno do ditame emitido pola Comisión Xeral en relación coa aprobación definitiva do Presuposto municipal para o exercicio 2016 e resolución das reclamacións presentadas contra o mesmo durante o período de exposición pública.-

O sr. Alcalde manifesta que se trata dun presuposto equilibrado, expón os fundamentos das previsións de ingresos nas distintas figuras impositivas e destaca o carácter social do estado de gastos, que incrementa as partidas en cultura, medio ambiente, educación, sanidade, aumenta as políticas de emprego e sobre todo o gasto en benestar social, así como a novidade dun maior investimento en políticas de igualdade. Fala doutras actuacións de carácter económico que se contemplan, como as actuacións en polígonos industriais para fomentar a implantación de empresas e a posta en marcha do Sada bus para fomentar a mobilidade sostible e economía circular. Fala do plan de investimentos por riba do millón de euros en total para o ano 2016, con 23 obras previstas. Di que se estará en estabilidade orzamentaria pero non se cumprirá coa regra do gasto neste orzamento, cara á liquidación tratarase de ir executando paulatinamente para non ter que acollernos a un plan económico e financeiro.-

O sr. Suárez afirma que estes son uns orzamentos coherentes e expansivos, de amplo contido social, como proba a inclusión por primeira vez dunha educadora social, o incremento da partida destinada a emerxencia social e do SAF. Detalla outras novas partidas de carácter social, como investimentos na escola infantil Flora Ramos, fomento do voluntariado, prevención de drogas, violencia machista, eliminación de barreiras arquitectónicas, promoción da igualdade, etc; así mesmo analiza as partidas de gasto dirixidas á promoción económica, turismo e medio ambiente, e promoción e dinamización do comercio local e do transporte. Considera que se trata duns orzamentos sociais e transversais, que teñen en conta as achegas dos veciños e que apostan polo benestar social, a promoción económica, o fomento do turismo e o medio ambiente.-

O sr. Gómez considera que se trata dun presuposto equilibrado, que cumpre cos principios de estabilidade presupostaria, eficiencia do gasto, transparencia e sostibilidade financeira e restantes normativas de obrigado cumprimento que foron endurecendo as condicións da elaboración presupostaria. Estes orzamentos garanten a prestación dos servizos esenciais, básicos e asistenciais dos veciños e a atención preferente dos veciños que están nunha situación máis comprometida. Por todo o cal o seu grupo votará a favor.-

A sra. Bolaño cre que son uns bos orzamentos, equilibrados socialmente, que dotarán as prazas de persoal necesarias para prestar os servizos co cal tamén xeran postos de traballo, e que destacan pola súa clara orientación social, son uns orzamentos para os cidadáns. Teñen varios puntos a favor, como traerse a aprobación en xaneiro para que os veciños vexan o que quere facer o goberno neste ano e contrastalo en decembro; é un orzamento fundamentalmente social, pero non só aumentando as partidas de benestar

senón tamén de forma transversal, nas partidas de urbanismo, persoal, contratacións, etc.; tamén son orzamentos transparentes, que cumpren moitas das cuestións do programa común dos tres grupos políticos do goberno municipal. Enumera diversas actuacións previstas, como melloras nos servizos da Biblioteca, unha escola municipal de danza, acondicionamento das praias para facelas accesibles, investimento para o centro de saúde e colexios, axudas para transporte e para material escolar, etc.-

O sr. Montouto di que presentan hoxe o proxecto de orzamentos 2016 con humildade, sen facer ruído e falando con todo o mundo incluídos os votantes do PP, porque están aquí para recuperar ás institucións e poñelas ao servizo da xente. Sada non pode permitirse estar con orzamentos prorrogados dende o 2013. Mentres que co goberno municipal anterior a inversión foi practicamente inexistente agora se presenta un proxecto de orzamento realista e que pensa nas necesidades da xente, atendendo ás obrigas de concellos de 15.000 habitantes, esquecendo proxectos faraónicos e centrado nos servizos básicos, como cemiterio municipal, camiños públicos, marquesiñas, etc., fomento do deporte como factor de cohesión social, con bolsas para deportistas locais cambiando das subvencións nominativas a subvencións a entidades deportivas en concorrencia competitiva. Tamén no eido do deporte e das políticas medioambientais, invístese nunha caldeira de biomasa para a piscina ou placas solares térmicas para o campo das Mariñas.-

O sr. López Mallo pide xenerosidade co tempo de intervención e le unha nota de prensa publicada o pasado día 26 na que se fala de que o anterior alcalde, sr. Anido, evitou levar a Pleno o Presuposto de 2014 e mantivo sen dotación diversas prazas en contra dos informes emitidos, o que considera profundamente inexacto porque o presuposto aprobouse inicialmente o 31-10-2013 e levouse a aprobación definitiva o 19-12-2013, aprobándose un voto particular e unha emenda para dotación de prazas vacantes e destino a servizos sociais dos cartos previstos para a praza de coordinador, sendo devolto o proxecto a Intervención para as modificacións pertinentes. Pero logo, o 27-3-2014, o presuposto vólvese a levar a pleno e non se aproba, polo que o goberno municipal minte ao dicir que o Concello estivo en prórroga presupostaria por culpa do anterior executivo. Considera que nos ingresos por IBI pode haber unha merma de entre o 9 e o 12% referente aos terreos urbanizables susceptibles de desenvolvemento que non se desenvolveron, as modificacións catastrais, etc, etc. O presuposto incumprirá a regra de gasto, como acaba de recoñecer o sr. alcalde, motivo máis que suficiente para non aprobalo, vaixe incumplir unha lei estatal en mais de 734.000 euros. Non hai consignación para sentencias de derribo, que van supoñer unha enorme cantidade de diñeiro. Fálase de presupostos participativos pero non se elaboraron conforme se dicía no programa electoral de Sadamaioría, BNG e PSOE. Criticouse o uso de subvenciones nominativas por parte do anterior goberno municipal e no anexo de subvencións deste presuposto prevense subvenciones nominativas por 110.520 euros, aspecto que tamen sinala o informe de Intervención. Habería que falar tamén de produtividade e gratificacións. O seu grupo votará en contra.-

O sr. Suárez di que a emenda ao presuposto da que falou o sr. López Mallo presentouna o concelleiro D. Fernando Campos, que ía na lista do PP nestas últimas eleccións e que era membro da Xunta de Goberno Local daquel mandato, e nos seguintes dous anos nin falon cos outros grupos da corporación nin volveron traer os orzamentos a Pleno; o único argumento que escoitou do sr. López Mallo sobre este proxecto foi que imos incumplir a lei, cousa que non é certa, será que está de acordo co resto do mesmo, todos os sadenses vanse ver beneficiados e serán quen os xulguen ao final do ano; a responsabilidade de que non houbera orzamento dende 2013 ata hoxe é única e exclusivamente do PP.-

A sra. Bolaño non entende a oposición do PP a estes orzamentos porque realmente non presentaron argumentos ou cuestións de relevancia; sobre o tema dos orzamentos de 2013, como xa explicou o sr. Suárez, o que pasou naquel Pleno foi unha pantomima, dixerónlle a unha persoa próxima politicamente ao PP que presentara a emenda. Todos os concelleiros presentes aquí representan a cidadáns que os votaron, e cre que iso ten que ser o mínimo para respectarse. Pídelle ao PP que repense a súa intención de votar en contra deste orzamento. Tal vez haxa que reconsiderar a cuestión da gratificacións, pero non dotando prazas só se consegue ter que compensar aos traballadores con moitas horas libres por facer traballo que non lles corresponde, e ás veces isto non é posible porque se produciría unha falta de servizo aos cidadáns. Se un traballador fai horas a maiores ou se lle dan horas libres o se lle pagan. O que non se pode facer é por unha parte ter falta de persoal ou ter prazas dotadas a cero e logo por outro lado dar días libres porque desta forma se deixa de prestar un servizo aos cidadáns. Non pode cre que o grupo PP estea en contra de cubrir o servizo de ambulancias no centro de saúde, de que o colexio de Sada e contornos teña un patio cuberto ou de aumentar as becas ou as partidas de emerxencia social, se en vez de elixir estratexia política escollen o ben dos cidadán tiñan que votar a favor.-

O sr. Montouto di que o grupo do PP vai votar que non porque aquí se enfrontan dous modelos, o modelo de orzamento que pensa na xente e o modelo que implanta políticas neoliberales.-

O sr. López Mallo di que a sra. Bolaño estaba a favor da emenda ao presuposto de 2013 e dixera naquela sesión que era o mesmo que o seu grupo defendía. Non teñen nada que repensar do seu voto, vaise aprobar un presuposto que incumpre a lei, e non se trata dos modelos dos que falou o sr. Montouto nin o seu grupo pode estar en contra de cuestións coma o centro de saúde, o aumento en gastos de servizos sociais ou as outras mencionadas, obviamente eles alédanse de todo iso, oxalá que en anos vindeiros rebaixen esas contías porque significará que baixaron a crise e a dependencia da xente respecto das administracións. Di que o voto do seu grupo será en contra e que o que realmente molesta ao goberno municipal é que na prensa se diga que o apoio do PDSP permitirá aprobar o seu primeiro presuposto.-

O sr. Alcalde di que o portavoz do PP perdeu moito tempo intentando transmitir á cidadanía unha mensaxe totalmente equivocada ao que está sucedendo no Concello, el só vai facer unhas pequenas matizacións ao pouco que aquel dixo sobre o documento do orzamento, porque cre que en realidade non atopan por onde críticoalo. Con relación á suposta falta de consignación para afrontar responsabilidades por sentenzas, di que antes de poñer algo no presuposto pediulle informe á asesoría xurídica do Concello, que lle advertiu de que si que hai xuízos pendentes para este ano pero en todo caso aínda hai posibilidade de apelación ante o Tribunal Superior e non se van resolver no 2016 polo menos partidas cuantiosas. Sobre a devolución de licenzas di que xa están detraídas dos ingresos, xa o temos contemplado. Desexaría facer unha exposición duns orzamentos construtivos, pero estiveron máis tempo falando do Pleno de 2013 que do Pleno dos orzamentos de 2016, el quere pensar no futuro de Sada e falar do documento que se trae a Pleno que é o que lle interesa á xente a día de de hoxe. É certo que incumprimos a regra de gasto pero no orzamento unicamente, se a incumprimos na liquidación é cando teremos que acollernos a un plan económico-financeiro, pero isto non é incumplir a lei. Considera que se debe actuar con responsabilidade e analizar o orzamento de 2016 que aquí se presenta, coa perspectiva de traballar polo futuro de Sada, tráense unhas propostas serias, sociais, e un orzamento que pensa moito tanto nos ingresos como nos gastos, os cartos da xente que volvan a chegar á xente e se hai que acollerse a un plan económico-financeiro farase, pero espera que non sexa necesario.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría, con dez votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio de 2016, o importe do cal queda fixado, en gastos, na cifra de 11.394.500.- euros (once millóns trescentos noventa e catro mil cincocentos euros), e en ingresos, na cifra de 11.394.500.- euros (once millóns tres centos noventa e catro mil cincocentos euros), polo que aquel se presenta en equilibrio, e asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

GASTOS

Capítulo.- Importe

1. Gastos de persoal.- 3.604.173,00 €
2. Gastos en bens correntes e servizos.- 6.813.266,00 €
3. Gastos financeiros.- 300,00 €
4. Transfer. Correntes.- 520.160,00 €
5. Fondo de Continxencia.- 0,00 €
6. Inversións reais.- 441.601,00 €
7. Transfer. de capital.- 0,00 €
8. Activos financeiros.- 15.000,00 €
9. Pasivos financeiros.- 0,00 €

TOTAL: 11.394.500,00 €

INGRESOS

Capítulo.- Importe

1. Impostos directos.- 3.945.000,00 €
2. Impostos indirectos.- 75.000,00 €
3. Taxas e outros ingresos.- 3.309.000,00 €
4. Transf. correntes.- 3.798.600,00 €
5. Ingresos patrimoniais.- 211.500,00 €
6. Alleamento inversións reais.- 40.400,00 €
7. Transf. de capital.- ----- €

8. Activos financeiros.- 15.000,00 €

9. Pasivos financeiros.- 0,00 €

TOTAL: 11.394.500,00 €

2º.-Aprobar as Bases de Execución do citado Orzamento.-

3º.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello para 2016 que se contén na documentación do Orzamento, dándolle a tramitación establecida nas disposicións vixentes.-

4º.- Expoñer ao público o Orzamento por prazo de quince días hábiles, para presentación de reclamacións conforme ao disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, considerándoo definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións no período de exposición pública, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, así como a remisión de copia del á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido de disposición legais vixentes en materia de réxime local, e 169.3 e 4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.-

Control de Órganos de Goberno:

8º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 23-12-2015 a 22-01-2016.-

9º.- Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre promoción da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico a sra. García Freire, en nome do grupo municipal PP, presenta unha moción de urxencia sobre promoción da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas, cuxa urxencia xustifica na necesidade destas actuacións. O sr. Alcalde di que van votar a favor da urxencia aínda que consideran que non está motivada e a proposta puido presentarse normalmente con anterioridade á comisión informativa, a parte de que xa se están realizando traballos de accesibilidade, pero están dispostos a debater o asunto.-

Aprobada por unanimidade a declaración de urxencia, a sra. García Freire procede a expoñer a moción dicindo que en Sada hai zonas inaccesibles e hostís para o peón, beirarrúas interrompidas por farois ou por postes que obrigan aos peóns a baixar á vía pública co conseguinte perigo e incomodidade, herdanza dunha época na que non se tiña en conta a discapacidade nin o deseño accesible, situación que debe ser corrixida para garantir a mobilidade peonil en condicións de seguridade, accesibilidade, autonomía e confort. Fala dun plan de accesibilidade do municipio feito sendo alcalde o sr. Anido pola empresa SENES e a área de urbanismo, do que derivaron actuacións en distintos puntos de Sada. Tramitouse tamén un Plan Xeral que contempla a supresión de barreiras arquitectónicas en edificios e en espazos públicos, hai que seguir traballando para alcanzar este obxectivo, tanto no centro urbano como nas parroquias. Trátase de melloras de plena competencia municipal e da máxima necesidade.-

O sr. Suárez di que a postura do seu grupo é a que vai a defender o concelleiro de Obras.-

O sr. Rodríguez Ares di que a pólvora fai varios séculos que se inventou, os membros do grupo PP non deben ter moito que facer e que dicir e deciden presentar unha moción cando a supresión de barreiras arquitectónicas vense facendo desde hai moitos anos, corrixíronse centos de barreiras, unhas veces con financiamento da Xunta, outras con financiamento da Deputación ou do propio Concello, neste mesmo momento se están construíndo en Sada distintas ramplas de acceso ás beirarrúas. El mesmo é directo interesado, por ter un neto en cadeira de rodas, pero esta moción é a todas luces innecesaria porque isto xa estaba inventado, calquera día presentan unha moción para construír o Paseo Marítimo.-

A sra. Bolaño non ve a utilidade desta moción, porque hai unha partida xa nos orzamentos, aos que acaban de votar en contra precisamente para o Plan de accesibilidade, e hai máis medidas para facilitar a convivencia de xente con mobilidade reducida e problemas de mobilidade. Están de acordo en mellorar e eliminar as barreiras pero esta é unha moción cando menos valeira.-

O sr. Tenreiro di que esta moción vai ligada cunha noticia de hoxe na que o PP cualifica de inaudito que o concelleiro de Obras se apropie do Plan de accesibilidade, lida a cal preguntou no concello por ese plan, atopando que non é SENES senón Universo Diverso o seu autor, e que o propio documento se cualifica de informe, xa non é un plan, e a moción do PP fai un diagnóstico da situación contrario ao que fai ese plan. El non se apropia de nada, os traballadores municipais van facendo pouco a pouco un traballo con presupostos propios ou cando se pode con subvencións doutros organismos; Sada é un sitio accesible por si mesma, pensa que non se pode dicir mentiras que non conducen a nada só por meterse con el; van votar a favor da moción, aínda que se hai un plan non sabe para que se pide outro na

moción, xa hai Plan, hai partida no presuposto e están traballando os operarios municipais na supresión de barreiras.-

O sr. Anido di que o que se pretende é que se faga un Plan de todo o municipio de Sada, núcleo e parroquias, fixéronse moitas cousas pero entenden que quedan moitas máis por facer, por isto non sabe que ten de baleira esta moción. Hai un estudio que se chama Universo diverso, é un proxecto que se pediu no seu día á empresa SENES para establecer as prioridades nesta materia, e no seu mandato xa se fixeron varias actuacións, como o edificio administrativo, o polideportivo e algún outro edificio administrativo aos que se refería ese estudio. Agradece que se apoie esta moción, que presentaron en tempo e forma e felicita á sra. García Freire pola súa primeira intervención no Pleno da Corporación.-

O sr. Alcalde considérase no deber de transmitir o que se está facendo, porque vendo esta moción parece que non estiveran informados; as obras que se están realizando non se fan de forma aleatoria, senón que obedecen ás necesidades que se lle transmitiron nesta materia desde que é alcalde e o compromiso asumido de dotalas; é inminente a sinatura dun convenio entre a FEGAMP e COGAMI, para que arquitectos deste organismo dean asesoramento aos técnicos municipais para mellorar a accesibilidade en todos os municipios de Galicia, e dentro das áreas de traballo que hai na FEGAMP el implícase nesta directamente. Sada pola súa orografía é un sitio accesible, pero hai puntos negros de accesibilidade que teremos que mellorar e máis vale ter asesoramento técnico. El falou co oficial da Policía Local que solicitou o pase a 2ª actividade e lle dixo que a súa intención era que o seu posto de traballo fose na Casa da Cultura, pero que contaba para 2017 coas súas achegas en seguridade vial e mobilidade para ir elaborando un Plan de accesibilidade e mobilidade sostible do núcleo urbano e na seguridade vial nos accesos ás praias no verán. No orzamento hai unha partida para accesibilidade, como xa se dixo; e tamén hai certas obras que detectaron ou que foron pedidas, coma a do campo de fútbol, ou a necesidade detectada de accesibilidade á nova área de xogos para os rapaces de Sada y contornos. O goberno municipal ten desde o primeiro momento especial sensibilidade pola accesibilidade e por iso decidiron poder debater esta moción, cuxa presentación agradece aínda que xa se estivera realizando.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Diseñar un Plan municipal de Accesibilidade que conteña as iniciativas necesarias para mellorar o tránsito dos peóns, en especial daqueles con mobilidade reducida, tanto no centro como nas parroquias.-

2º.- Dispoñer dunha partida anual no Presuposto destinada á eliminación das barreiras arquitectónicas e ao cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación.-

3º.- Comezar á maior brevidade a realización das adaptacións necesarias para mellorar a mobilidade, centrándose principalmente en tres aspectos que gardan moita relación coa mobilidade, como son os obstáculos na vía pública, os obstáculos no transporte público e os obstáculos en edificios públicos que non o contemplan.-

10º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez fai os seguintes rogos:

1) Roga que si se pode se coloque un espello na saída do campo de fútbol de Carnoedo cara á estrada e tamén que se poñan sinais de non aparcar nesa aceira, porque hai moi mala visibilidade ao saír.-

2) Di que sendo alcalde o sr. Anido lle encargou ao seu arquitecto de confianza un proxecto para unha rampla de acceso a este edificio que custou 500 euros, seguro que mais caro que a propia rampla, e que non executou aínda que agora está a falar de barreiras arquitectónicas, polo cal roga que se recupere ese proxecto e se faga a obra.-

A sra. Rodríguez Teijeiro fai as seguintes preguntas:

1) Cal é o motivo polo que no portal de Transparencia da páxina web do concello non aparece a declaración de bens e de actividades dalgúns concelleiros, cando lle consta que os documentos correspondentes foron debidamente presentados en tempo e forma; quere saber o motivo de que no estea publicada esa información e pedir que se subsane o antes posible tal omisión. O sr. Alcalde di que na páxina web nova, que é inminente, xa estarán todas, revisarase con exactitude cales faltan.-

2) No portal de transparencia, no apartado correspondente a contratos menores, aparece un total de oito contratos dos cales seis son da etapa da Corporación anterior e tan só dous corresponden á actual, polo que pregunta se está previsto publicar a información de todos os contratos menores adxudicados ata o momento, porque intúe que deben ser máis de dous.-

O sr. Tellado di que fixo unha petición o 23-12-2015 para acceso aos expedientes das festas patronais, feira modernista, 1ª cervefeira e survival zombi, no pleno de decembro rogo acceso máis

rápido a ditos expedientes e só lle entregaron o de survival zombi e parte do das festas patronais; o sr. Interventor envioulle por correo electrónico os gastos da feira modernista e das festas patronais pero continúa sen ter acceso a estes expedientes, porque supón que haberá outros documentos, como contratos dos grupos musicais ou permiso para instalar unha carpa. Por isto pregunta cando pensan dalle dito acceso. O sr. Villar di que persoalmente falou co departamento de Secretaría para que toda a información se puxese á súa disposición inmediatamente, toda a información que existe está nos expedientes; tamén se lle facilitou unha relación de todas as facturas e todos os pagos por parte do departamento de Intervención e tamén se lle indicou que pode acceder para calquera ampliación desa información; desde logo pola súa parte déronse todas as indicacións posibles para que acceda a toda esa información con total transparencia. O sr. Tellado di que o sr. Villar afirma ter entregado todo, pero no expediente dos fogos artificiais non aparece o permiso da Garda Civil para poder facelos. O sr. Villar di que non é que el lle teña entregado todo, senón que deu indicacións de que se lle dera acceso a toda a información que queira consultar, se algo bota en falta, que faga unha relación daqueles documentos que queira e se lle buscarán sen ningún problema. O sr. Suárez súmase ao dito polo sr. Villar.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte e dúas horas e corenta e seis minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-